

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A pega e o raposo

Unha pega fixo un niño nun salgueiro, era delgado e cando sopraba o vento dobrábase para os lados. Tiña cinco pegos, un día pasou o raposo, viu o niño e dixolle á pega:

- Pega, tírame un pego!
- Non cho tiro respondeu a pega.
- Rabo fungueiro, tira co salgueiro!

Mentres o raposo dicía esto dáballe co rabo no salgueiro, e este bregaba e chegaba preto do chan. A pega colleu medo e tiroulle un pego.

Ó día seguinte, o raposo volveu e coa mesma operación conseguiu outro pego.

Chegou o día que só lle quedou un pego no niño.

A pega toda preocupada viu pasar unha garza e dixolle:

- Garza, o raposo comeume catro pegos e explicoulle como facía o raposo para comerlle os pegos.

A garza contestolle:

- Non te preocupes, o salgueiro bregue pero non cae. Cando volva o raposo dislle: a ver se tes collós a tiralo.

Así foi. Ó día seguinte volveu o raposo polo último pego:

- Pega, tírame un pego!
- Non cho tiro contestou a pega

- Rabo fungueiro, tira co salgueiro!
 - A ver se tes collós a tiralo!
 - Ah! Xa sei quen cho dixo! A garza! □dixo o raposo, mentres marchaba sen conseguir o derradeiro pego. Á tardiña o raposo viu a garza nunha lagoa e díxolle:
 - Fuches ti quen falaches coa pega. Agora voute comer!
 - Vale, pero primeiro tes que voar no meu requicho e imos dar un paseo □contestoulle a garza.
- O raposo montou na garza e esta voou moi alto. E cando estaba enriba dunhas penas soltou o raposo. Mentres o raposo caía, dicía:
- Escapa pena que te facho, que se desta me salvo non quero máis voda no ceo!

Recompiladora: Sofía González Díaz, alumna de 3º de ESO no IES Xograr Afonso Gómez de Sarria (Lugo), curso 2005□2006.

Informante: José González Díaz (75 anos).

Lugar e data de recollida: Sabenche, Barbadelo, Sarria (Lugo), maio de 2006.

Texto remitido por Fátima Moya Ortega, alumna de 3º de ESO no IES Xograr Afonso Gómez de Sarria (Lugo), curso 2005□2006.

COMENTARIOS ENVIADOS

Eu recordo un fragmento (non sei se é do memo contó) no que o raposo dicía:

"Meu rabiño guiadeiro
guíame pra aquel palleiro
que se desta saio e non morro
ás festas ó ceo non volvo"

Enviado por Zona da Pastoriza o 17/04/2017 ás 12:35:07

Este conto contáramo meu pai cando era novo; el é dunha aldea chamada Teilán, preto de Rubián, preto de Sarria.

Enviado por Fernán o 18/10/2007 ás 7:34:55

O meu avó tamén o contaba ca variante de meu rabo mazaroqueiro córtame este salgueiro

Enviado por Meu avo Placido Maques Neira o 21/05/2021 ás 16:31:21

Cando era cativa contabamo miña avoa era outra version moi parecida. Unha das frases que mais me gustaba era cado o raposo caía que dicia "me rabiño guiadeiro guiame po palleiro non me guies po ameneiro".

Recordoo con moito agarimo. Zona de Cospeito

Enviado por Vanesa Ferreiro o 22/02/2017 ás 22:06:37